

	<b>IES MARÍA CASARES. Departamento de Bioloxía e Xeoloxía</b>			2024-2025
	<b>MATERIA</b> CURSO	<b>CULTURA CIENTÍFICA</b> 1º BACH	<b>HORAS SEMANAIS</b> 4	

### BREVE DESCRICIÓN DA MATERIA

A materia de Cultura Científica pretende que o alumnado, como parte da sociedade, adquira unha cultura científica básica que lle permita entender o mundo actual. Na vida diaria estamos en continuo contacto con situacións de carácter científico que nos afectan directamente, situacións que a cidadanía do século XXI debe ser capaz de entender e de valorar criticamente, tomando decisións fundamentadas en probas de carácter científico, diferenciándoas das crenzas e das opinións. Ademais, o fomento de vocacións científicas, especialmente entre as nenas e as adolescentes, é outra das dimensións a que esta materia debe contribuír.

### CONTIDOS

Esta materia estrutúrase en oito bloques: «O traballo nas ciencias», «O Universo», «A Terra e a vida», «A saúde e a biomedicina», «A reprodución e a sexualidade», «O desenvolvemento social e os materiais», «Os avances tecnolóxicos», «O coidado do ambiente».

### METODOLOXÍA

Empregarase unha metodoloxía activa que potencie a ensinanza construtivista. As estratexias metodolóxicas principais serán as seguintes: exposicións do profesorado sobre o tema usando presentacións e o libro de texto, uso de libreta de aula e de prácticas de laboratorio, visualización de vídeos didácticos, exposicións orais, de xeito individual ou en grupo, realización de Proxectos e saídas ao medio con exploración activa da realidade.

Destacar dúas liñas de actuación non proceso de ensino e aprendizaxe:

- A posta en práctica de situacións de aprendizaxe que enfrenten o alumnado ao reto de utilizar probas e argumentar nun contexto real mediante o diálogo entre iguais.
- A realización de proxectos de investigación significativos para o alumnado.

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	PORCENTAXES
Probas escritas e/ou orais	70%
Outros instrumentos de avaliación	30%
<b>TOTAL AVALIACIÓN</b>	<b>100%</b>
<b>NOTA MEDIA AVALIACIÓN ORDINARIA</b> A nota de Xuño será a media da nota obtida nas tres avaliacións.	
<b>AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA</b> A nota será a dunha proba global extraordinaria da materia.	

### VINCULACIÓN CON ESTUDOS POSTERIORES

Esta é unha materia da modalidade de Ciencias dirixida a aqueles alumnos interesados en estudos superiores relacionados coa rama biosanitaria, medioambiental e tecnolóxica.

Se desexas máis información podes acceder a través da páxina do IES María Casares aos requisitos de acceso dá calquera grao no que teñas interese. Debes seguir o seguinte itinerario: *IES María Casares / Departamento de Orientación / Orientación / Universidade / Graos / Entrar na rama de coñecemento de interese / Requisito de acceso.*